AXÚDANOS A MELLORAR Sanxenxo outra vez

Telmo Martín

SANXENXO 2015

PP POPULARES

Axúdanos a mellorar Sanxenxo outra vez

Querido veciño, coñeces de sobra cómo foi a miña xestión de alcalde entre 1999 e 2006. Sabes que me gusta traballar para cumprir os meus compromisos e que non me rendo aínda que as dificultades sexan grandes. Creo, humildemente, que podemos facelo mellor que a primeira vez, porque agora teño máis experiencia persoal e política.

O proxecto do Partido Popular ten 3 prioridades: crear emprego e actividade económica, mellorar a calidade dos servizos que presta o Concello e realizar as infraestruturas pendentes. En resumo, queremos converter Sanxenxo nun dos mellores lugares para vivir, un lugar atractivo para as persoas e as empresas.

Ao longo dos 4 anos que dura a lexislatura poñeremos en marcha moitas máis iniciativas que as que inclúe este documento. Pero como non queremos aburrirte, preferimos resumir os compromisos democráticos para acercar a xestión municipal aos veciños e as prioridades que nos axudarán a mellorar Sanxenxo outra vez.

O Proxecto do Partido Popular componse de:

Dous compromisos democráticos:

- Render contas
- Fomentar a participación veciñal

Tres prioridades de goberno:

1. O primeiro, o emprego
2. Servizos de calidade
3. Infraestruturas

Un Concello MÁIS CERCANO e MÁIS DEMOCRÁTICO.

E para conseguilo adquirimos **dous compromisos:**

- O compromiso de **render contas**, de explicar en qué se gastan os cartos dos teus impostos e demostrar que se empregan ben.

- O segundo compromiso é **fomentar a participación** dos veciños nas decisións do Concello. A través de Internet poderás opinar e decidir as prioridades do goberno.

  Crearemos un censo dixital para que cada veciño dispoña dunha clave que o identifique e lle permita opinar sobre as decisións do Concello e tamén influír nas partidas económicas destinadas a investimentos ou gasto corrente.

Queremos implantar na web do Concello a e-administración, para darlle servizo ao cidadán as 24 horas do día.

Utilizando a e-administración poderás:

- Facer calquera xestión ou solicitude.

- Consultar os gastos do Concello. Dende os soldos dos concelleiros e o persoal de confianza, ata o gasto corrente en limpeza, recollida do lixo, alumeado, calefacción, etc...

- Opinar sobre qué proxectos/iniciativas son máis urxentes e influír nas decisións do goberno.

O primeiro, o emprego

A nosa prioridade é **crear emprego**, xerar actividade económica e prosperidade.

E, para logralo, poñeremos en marcha 4 medidas moi concretas:

- **Eventos deportivos e culturais** que nos permitan ter máis visitantes en temporada baixa.
- Impulsar o **Parque Empresarial de Nantes**.
- Crear unha **oficina económica** para atraer empresas e investimentos.
- **Facilidades administrativas e fiscais** a autónomos e emprendedores.

Os eventos son a forma máis eficaz de atraer visitantes en temporada baixa. E, polo tanto, de xerar actividade económica e emprego.

Eventos culturais e eventos deportivos, como a regata Volvo Ocean Race, na que Sanxenxo demostrou a súa grande capacidade de organización e loxística. Evento que nos permitiu atraer moitos visitantes no outono de 2005. Ademais dunha grande publicidade a nivel nacional e internacional que fixo que moitas persoas coñeceran Sanxenxo por primeira vez; e o que é máis importante, que decidiran visitarnos nos meses posteriores.

Eventos náuticos

Os deportes náuticos son fundamentais na estratexia turística de Sanxenxo.

As praias de Silgar, Baltar e A Lanzada son tres anfiteatros naturais, tres escenarios ideais para que miles de persoas disfruten dos deportes náuticos.

Regata de traiñeiras. Sanxenxo acolleu en dúas ocasións unha regata de traiñeiras e este ano farao por terceira vez. O noso obxectivo é consolidar esta competición e complementala con outras actividades que fagan máis atractivo o evento e, polo tanto, atraian máis persoas, e non só aos afeccionados ás traiñeiras.

Regata de piragüismo. Portonovo ten unha importante tradición de piragüismo e un club que ao longo dos seus 37 anos de vida adestrou e formou a moitos campións de España. Queremos consolidar

unha competición de piragüismo que teña por escenario a praia de Baltar. En torno á competición, que terá un formato moi vistoso, con quendas eliminatorias, organizaranse outras actividades relacionadas co piragüismo e as tradicións de Portonovo, que nos axudarán a atraer máis público.

A Lanzada Surf é unha competición que nos permitirá dar a coñecer no resto de España as posibilidades que ofrece o noso litoral para a práctica desta especialidade deportiva. Tamén queremos organizar cursos de iniciación e campamentos de surf.

Eventos mariños

Os eventos mariños permitirannos poñer en valor a tradición mariñeira de Sanxenxo, Portonovo e Vilalonga.

Portonovo ten que potenciar o seu encanto de vila mariñeira. Recuperar o prestixio como lugar de "tapeo" que tiña na década dos setenta e oitenta.

Para conseguilo propoñemos 3 iniciativas:

- *Un **plan de embelecemento** que inclúa a mellora das medianeiras dos edificios, o soterramento dos cables e outras actuacións que fagan de Portonovo unha vila cada día máis fermosa.*

- *Crear unha **"experiencia mariñeira única"** que ofreza ao visitante a posibilidade de embarcarse nun barco e saír a pescar, asistir á subasta do capturado, ver cómo se prepara e cociña e, por último, degustalo.*

- ***Feira da Conserva de Peixe de Portonovo*** que, xunto con outras actividades, permitiranos renovar a *Festa da Raia*.

Sanxenxo ten a sorte de estar bañado por dúas rías, a de Pontevedra e a de Arousa. Pero é certo que vivimos un pouco de costas á ría de Arousa. Situación que hai que corrixir o antes posible, recuperando o litoral da ría entre A Revolta e A Fianteira.

Vilalonga ten moitas posibilidades turísticas que ata agora non desenvolvemos. E, para facelo, propoñemos 3 iniciativas:

- Crear un Centro de Interpretación das Aves do Complexo Intermareal O Bao – Umia.

- Unha Semana das Aves que destaque os valores ornitolóxicos da zona e nos permita atraer un perfil de turista capaz de vir dende os sitios máis afastados.

- Crear unha actividade para os visitantes que lles permita coñecer cómo se marisquea da man das propias mariscadoras. E degustar os produtos da ría.

Eventos do rural

Coñécennos polas nosas praias, peixes e mariscos. Pero o rural, os produtos que nel se cultivan e as igrexas, "pequenas xoias da arquitectura", seguen a ser os grandes descoñecidos das persoas que nos visitan.

Para dar a coñecer o rural e destacar tódolos seus atractivos, queremos crear un *festival no entorno das igrexas* que fusione música, paisaxe e arquitectura.

A *Festa da Cebola* tamén necesita un impulso. É unha boa ocasión para dar a coñecer os produtos da nosa horta: outras hortalizas, verduras, os cachelos, o albariño...

En resumo, os cultivos que crecen nos nosos soleados vales e que tan apreciados son entre os concellos do outro lado da ría.

Sanxenxo máis que turismo

Vivir fundamentalmente do turismo segue sendo a mellor opción; é un dos sectores económicos que máis vai crecer nas próximas décadas a nivel nacional e internacional.

Por exemplo, as previsións din que España nunha década pode alcanzar a cifra de 80 millóns de visitantes estranxeiros. Si a isto sumamos a mellora que suporá a comunicación por AVE con Madrid no 2018, significan novas oportunidades que debemos aproveitar.

Pero destacar no sector do turismo non significa que renunciemos a potenciar outras actividades económicas tradicionais como a agricultura e o sector vinícola; ou sectores máis innovadores como é a industria tecnolóxica.

Parque Empresarial de Nantes

Por elo é fundamental impulsar o Parque Empresarial de Nantes. Esta infraestrutura permitiranos atraer empresas e xerar emprego.

Os 650.000 m² que ten o Parque están moi ben situados xunto á autovía do Salnés. A media hora dos portos de Vilagarcía e Marín e dos aeroportos de Vigo e Santiago.

No Parque Empresarial de Nantes caben 200 empresas o que permitiría crear, ao menos, 1.000 empregos directos.

A nosa intención é traballar duro para axilizar a posta en marcha do Parque Empresarial de forma que estea en funcionamento nos primeiros meses de 2016.

E, o que é máis importante, que ao final da lexislatura convértase no principal motor de creación de emprego de Sanxenxo.

Oficina Económica

Poñer solo a disposición das empresas é importante pero non é suficiente. Por iso queremos crear unha *Oficina Económica* que saía a buscar empresas e convencelas de que Sanxenxo é o mellor lugar para a súa actividade.

E tamén queremos dar as máximas facilidades ás empresas que hai repartidas en distintos puntos de Sanxenxo e que estean interesadas en trasladarse ao Parque Empresarial de Nantes.

Facilidades administrativas e axudas fiscais

Queremos dar facilidades aos autónomos, "pymes" e á creación de negocios e empresas.

Por exemplo, poñendo en marcha a *licenza exprés,* que axiliza a apertura dun negocio coa presentación dunha *"declaración responsable"* de cumprimento dos requisitos e, posteriormente, os técnicos do Concello encargaranse de comprobar que se cumpre a lexislación.

E tamén aprobaremos axudas fiscais para autónomos e emprendedores, tanto si se trata de novas actividades, como si son negocios que levan tempo en funcionamento.

Servizos de calidade

En 1999 o obxectivo era dotar de servizos aos miles de veciños que carecían deles. Hoxe queremos **dar un paso máis,** mellorando os servizos do Concello.

- Sanxenxo ten que ser unha referencia pola **limpeza** das rúas, parques, praias e montes.
  E tamén ten que destacar pola **protección do medio ambiente**, especialmente no coidado das rías de Pontevedra e Arousa.

- As depuradoras e outras instalacións da rede de **saneamento e abastecemento de auga** precisan melloras para garantir a calidade do servizo e a protección do medio ambiente. E, para conseguilo, haberá que esixirlle á Xunta e ao Goberno de España que invistan periodicamente na mellora e no mantemento das instalacións, que repercuten na calidade do servizo de saneamento e abastecemento de auga.

  Tamén haberá que estar enriba das empresas subministradoras de electricidade e telefonía para garantir a calidade destes servizos durante todo o ano.

  Os cortes eléctricos ou unha insuficiente conexión das redes de Internet prexudican aos veciños e á actividade económica e repercute negativamente na imaxe que damos aos visitantes como destino turístico.

- O Partido Popular quere implicarse especialmente coa **educación.** A obriga do concello é o mantemento dos colexios. Por elo, haberá que poñer en marcha un plan de mellora, similar ao que xa acometemos no ano 1999, especialmente para os colexios de Dorrón e A Florida. Da construción do novo colexio de Vilalonga ocupámonos no capítulo de infraestruturas.

  Pero más alá das obrigas do Concello en relación á educación, queremos **fomentar o talento**. Por exemplo, desenvolvendo nos alumnos habilidades persoais imprescindibles para calquera traballo, pero das que non se está ocupando a ensinanza pública.

  Habilidades como os idiomas, traballar en equipo, saber xestionar problemas, falar en público e o desenvolvemento da capacidade de liderado, entre outras.

- Necesitamos mellorar as **instalacións deportivas** e construír outras novas. Algúns exemplos son o campo de fútbol de Dorrón ou o club de piragüismo de Portonovo. Sanxenxo necesita unha escola de fútbol municipal. E tamén nos gustaría fomentar a práctica do deporte nas praias con instalacións específicas que se instalarían no verán.

- A escola municipal de **música,** a escola municipal de **artes plásticas**, as bibliotecas de Vilalonga, Portonovo, a nova de Sanxenxo, as actividades extraescolares, son servizos que puxemos en marcha en 1999. Agora queremos seguir mellorándoos, que cada día ofrezan máis posibilidades.

- Sanxenxo é unha referencia en **servizos sociais**. Sanxenxo foi pioneiro na creación dun Centro de Día Municipal e ten dúas garderías municipais que son un exemplo de calidade.

  Agora queremos crear **un novo servizo de apoio:**
  - ✓ Ás familias que o están pasando mal.
  - ✓ Ás familias con nenos que necesitan educación especial.
  - ✓ Ás familias que teñen algún membro cunha enfermidade rara.

  Trátase de apoialas na medida das posibilidades do Concello. En definitiva, de que se sintan acompañadas e de "abrirlles portas" ante outras administracións.

- Sanxenxo necesita unha **policía local e un servizo de emerxencias** cada día máis preparados e especializados na actividade turística.

Mellorar a seguridade é garantir máis calidade de vida aos veciños que vivimos todo o ano en Sanxenxo. Pero a seguridade tamén é un tema prioritario cando unha familia decide onde pasará as súas vacacións. Estamos, polo tanto, obrigados a ofrecer a maior seguridade aos visitantes. Seguridade nas nosas rúas, nas vivendas e praias. Seguridade viaria para os peóns e os vehículos. Seguridade para as persoas que requiran de atención sanitaria.

A mellora da calidade dos servizos
ten como obxectivo converter
Sanxenxo nun lugar agradable
e atractivo para vivir.

As infraestruturas

Entre 1999 e 2006 puidemos facer moitas infraestruturas. Agora toca rematar algunhas que seguen pendentes e que corresponde financiar a outras administracións.

Comprometémonos a xestionar ante a Deputación, Xunta, Goberno de España e Unión Europea a realización das seguintes infraestruturas:

- Mellora da PO-308
- Colexio de Vilalonga
- Cidade Deportiva
- Humanización da rúa Progreso de Sanxenxo
- Plan de embelecemento de Portonovo
- Mellora dos mercados
- Recuperación do litoral da ría de Arousa
- Rexeneración das praias A Carabuxeira e Lavapanos

A **mellora da PO-308** requirirá máis dunha lexislatura porque hai que actuar nos 16 km que van dende A Granxa ata A Lanzada.

Loxicamente realizarase por tramos, priorizando as zonas onde é máis urxente actuar. Por exemplo, a primeira fase contempla o tramo A Lanzada – praia de Major.

A PO-308 debe acabar converténdose na rúa central de Sanxenxo, xa que nos atravesa de leste a oeste.

O **Colexio de Vilalonga** é unha das actuacións máis prioritarias. O noso compromiso é moi concreto: os nenos poderán empezar o curso no novo colexio en setembro de 2017.

A **Cidade Deportiva** é, como o colexio de Vilalonga, unha materia pendente. Para que sexa unha realidade o antes posible haberá que firmar un convenio entre a Deputación, a Xunta de Galicia e o Concello. En canto ás dificultades que rodean a titularidade dos terreos hai que recordar que maiores inconvenientes conlevaron o porto deportivo e os terreos do Revel en Vilalonga.

A **humanización da Rúa Progreso** mellorará a calidade de vida dos peóns, beneficiará aos comercios e garantirá a mellora da seguridade viaria. Trátase de ordenar os espazos das persoas, os espazos da circulación e os aparcadoiros.

O **Plan de embelecemento de Portonovo** ten como obxectivo poñer bonita a vila mariñeira. Mellora das medianeiras dos edificios, programas de rehabilitación de vivendas e soterramento de cables, entre outras actuacións.

Mellora dos mercados. Os mercados teñen que converterse en espazos cada vez máis acolledores e atractivos. Teñen que complementar a súa oferta de alimentos con actividades de divulgación e degustación e para iso hai que mellorar as instalacións, especialmente o mercado da vila de Sanxenxo, que é o que se atopa en peor estado.

Recuperación do litoral da ría de Arousa desde A Revolta ata A Fianteira, no límite con Meaño. Esta é unha das zonas máis bonitas de Sanxenxo e debemos recuperala e dala a coñecer ás persoas que nos visitan.

A recuperación inclúe a creación dun Centro de Interpretación das Aves do Complexo Intermareal na Telleira, rutas de sendeirismo e de avistamento de aves.

Recuperación das praias de Lavapanos e Carabuxeira e prolongación do paseo marítimo entre a praia de Panadeira e o miradoiro de Sanxenxo.

Actuacións nas parroquias

Máis importante que as grandes infraestruturas son as moitas pequenas actuacións que hai que facer nas 7 parroquias.

Asfaltado de pistas, dotacións de beirarrúas, alumeado, mellora de fontes, muíños e mellora de instalacións deportivas e outros espazos públicos, para converter os núcleos rurais en lugares mellores para vivir.

O Partido Popular priorizará estas actuacións como fixemos en 1999. Lembrarás que antes de facer a piscina, o Pazo Emilia Pardo Bazán e outras grandes infraestruturas, investimos moitos recursos en dotar de saneamento e auga aos veciños do rural e en ampliar e asfaltar as estradas e pistas do rural.